

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José A. López Rodríguez
(Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente)

VOCAIS

Dña. Mª Luisa Pardavila Pazos
(Avogado polo Colexio da provincia)
D. Manuel Francisco Gutierrez
(Xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais)
D. Luis Mª Muiños Vidueira
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)

VOCAIS REPRESENTANTES DA PARROQUIA DE MAGDALENA, CONCELLO DE FORCAREI

D. Edelmiro Cerdeira Viéitez
D. José Mª Bugallo Gómez

SECRETARIA

Dña. Pilar Pita Ponte
(Xefa de Sección do Servizo Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente)

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día vinte e catro de abril do 2003, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 3ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación do monte "*Trasdomonte*" da parroquia de Magdalena do concello de Forcarei.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de entrada 8 de abril de 1996, os veciños da parroquia de Magdalena, do concello de Forcarei, solicitan á clasificación como veciñal en man común do monte denominado "*Trasdomonte*", acompañando planimetría con data 30 de abril de 1996.

SEGUNDO.- Dª Ramona Celia Fernández Álvarez, secretaria do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, da fé e certifica: "Que na acta da sesión celebrada polo Xurado Provincial de clasificación M.V.M.C. o día 25/05/1976, figuraba o seguinte Acordo que literalmente transcrito di : " En cuanto al monte "*Trasdomonte*" de 538 has de la parroquia de Magdalena y con la presencia de los representantes de los siete lugares de la citada parroquia al no reunir los requisitos precisos no se declara como vecinal en mano común continuando como comunal".

TERCEIRO.- Con data 17 de marzo de 1997 o xefe do Servicio de Montes redacta informe sobre a viabilidade que posúe a petición formulada, así como sobre a suficiencia da planimetría aportada para a correcta identificación do terreo do monte “Trasdomonte” da parroquia de Magdalena, do concello de Forcarei, obedecendo a seguinte descripción:

Nome do monte: Trasdomonte

Parroquia: Magdalena

Concello: Forcarei

Cabida: 530 has aproximadamente, segundo informe da sección de topografía

Límites:

Norte: Monte Vilariño

Sur: Concellos de Irixo e Beariz da provincia de Ourense, polo regueiro de Balsada

Leste: Montes da parroquia de Zobra do concello de Lalín

Oeste: Propiedades particulares e monte veciñal en man común de Graña

CUARTO.- Na reunión do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de 19 de marzo de 1997 acordouse á iniciación do expediente de clasificación do monte “Trasdomonte” da parroquia de Magdalena, do concello de Forcarei, nomeándose instructor do mesmo a D. Teodoro Arribas Serrano.

QUINTO.- Os veciños de Zobra formularon oposición á clasificación por primeira vez no ano 1997 e posteriormente cumprida e observada a tramitación legal e regulamentaria esixida no trámite de audiencia, con data 23 de decembro de 2002 presentan un documento formado por 112 folios argumentando a fundamentación histórica na que se basea a comunidade de montes de Zobra para que o Xurado de Montes dispoña dos elementos necesarios para tomar a decisión en relación á clasificación do citado monte a favor da parroquia de Magdalena.

SEXTO.- Con data 3 de abril do 2002, polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, acórdase nomear instructor do expediente a D. Manuel Francisco Gutierrez.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro cómpre entender por montes veciñais en man común “... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, os membros daquelas na súa condición de veciños”.

Así, segundo abondosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Terceiro.- No informe emitido polo Servicio de Montes e Industrias Forestais, ponse de relieve que se trata dun monte ben delimitado por un regato e polos límites da provincia de Ourense e do Concello de Lalín, onde existen vellos camiños de carro que conducen ós lugares de Ventose e a Graña para uso e disfrute do monte.

Existiu un consorcio deste monte co nº 2323 a favor do Concello de Forcarei que proviña do monte 283-1 de Utilidade Pública, do que o Catálogo de Montes de Utilidade Pública atribúe a súa pertenza á parroquia de Magdalena, Forcarei.

Cuarto.- Á vista da documentación obrante no expediente, resulta suficientemente acreditado o aproveitamento en man común do monte Trasdomonte.

Quinto.- Contestando ás alegacións presentadas polos veciños da C.M.V.M.C. de Zobra do Concello de Lalín nas que sen poñen en dúbida os límites dos municipios entre Forcarei e Lalín, este Xurado manifesta non ter competencia para resolver estas cuestións que se sinalan no documento aportado.

Polo Xurado acordouse por unanimidade na reunión de data 20/02/03 que cando os lindes dos montes coincidan con límites parroquiais ou de termos municipais, se os límites parroquiais ou municipais cambian, cambiarán no mesmo senso os lindes dos montes clasificados conforme a ditos lindes e polo tanto a súa cabida.

En consecuencia, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación ó caso examinado, e tendo en conta que no expediente queda acreditado, de xeito efectivo, que os terreos obxecto de clasificación veñen sendo aproveitados consuetudinariamente polos membros desta comunidade, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte “Trasdomonte”, a favor dos veciños da parroquia de Magdalena do concello de Forcarei por reunir os requisitos establecidos no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man Común, e correspondendose coa descrición reflectida no feito terceiro e a planimetría elaborada para o efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.



[Handwritten signature]

Edelmiro Pereira

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

